

Christopher Morley

O Parnaso sobre rodas



rinoceronte



Carta dirixida ao señor David  
Grayson, de Hempfield, EE. UU.

Benquerido señor:

Aínda que é o meu nome o que aparece na portada, a verdadeira autora deste libro é a señorita Helen McGill (agora, señora de Roger Mifflin), quen me contou a historia coa súa propia e inimitable vivacidade. E, en representación súa, quero enviarlle estas palabras de agradecemento.

Non fai falta dicir que a señora Mifflin non posúe moita habilidade para a arte da autoría: este é o seu primeiro libro, e dubido que volva escribir algún máis. Creo que apenas se dá de conta do moito que lles debe a súa historia aos seus encantadores escritos. Adoitaba ter un exemplar moi sobado de

*Aventuras do benestar* sobre a súa mesa, na granxa da Sabina, e en varias ocasións observei como o collía despois dun longo día na cociña, o lía entre risas e comentaba que a súa historia con Harriet lle recordaba a ela e a Andrew. Acostumaba murmurar algo sobre *Aventuras do malestar* e preguntaba por que nunca se contara o asunto dende o punto de vista de Harriet. E entón, cando tivo lugar a súa propia aventura e sentiu o desexo de poñela por escrito, coido que adoptou de xeito inconsciente algo do estilo e dos temas dos que vostede con xustiza se apropiara.

Con toda seguridade, señor, non renegará dun tributo tan inocente. En calquera caso, a señorita Harriet Grayson, cuxas excelentes calidades admiramos durante tanto tempo, poderá atopar un espírito afín na señora Mifflin.

A mesma señora Mifflin lle diría todo isto, co seu peculiar e tallante estilo, de non ser porque non se atopa en contacto cos seus editores e os seus papeis. Ela e mais o profesor andan por algún camiño da montaña co Parnaso, felizmente absortos na

máis divina diversión coñecida polo home: vender libros. E atévome a pensar que non hai volumes que máis lles agrade recomendar ca os honestos e estimulantes libros que levan o seu nome.

Reciba un cordial saúdo, querido señor Grayson.

Atentamente,

Christopher Morley.



## Capítulo 1

Pregúntome se non ensinarán demasiadas parvadas durante a educación superior. Nunca coñecín a ninguén que fose máis rápido á hora de lavar a louza ou de zurcir os calcetíns só por saber de logaritmos ou coñecer os diferentes tipos de poesía. Eu mesma lin unha gran cantidade de libros, sempre que me foi posible, e négome a “admitir impedimentos” para amar os libros, pero tamén é certo que fun testemuña de como demasiada letra pequena botaba a perder a moita xente práctica e con bo xuízo. Ademais, ler sonetos dáme impo.

Nunca tiven intención de converterme en escritora. Pero si coido que hai algunhas anécdotas divertidas no tocante á miña his-

toria e á de Andrew, e sobre como os libros lle puxeron fin á nosa plácida vida. Cando John Gutenberg, cuxo verdadeiro nome era John Gooseflesh (ou iso di o profesor), pediu prestados os cartos para montar a súa imprenta, introduciu unha morea de problemas no mundo.

Andrew e mais eu eramos marabillosamente felices na granxa, ata que se fixo escritor. Se puidese prever todas as molestias que nos causaron as súas obras, estou segura de que queimaría o seu primeiro manuscrito no fogón.

Andrew McGill, o autor deses libros que todo o mundo le, é meu irmán. Ou dito doutro xeito, eu son a súa irmá, dez anos máis nova. Hai moito tempo, Andrew era un home de negocios, pero comezou a ter problemas de saúde e, igual que outras moitas persoas nos libros de historias, fuxiu para o campo, ou, como el o chamaba, o seo da natureza. Nós os dous eramos os únicos que quedabamos da nosa fracasada familia. Eu estaba desfalecendo lentamente no meu posto de concienciada institutriz na zona rica de Nova York. El rescatoume



e, xuntando os nosos aforros, mercamos unha granxa. Convertémonos en verdadeiros granxeiros, levantámonos cando saía o sol e deitabámonos cando se poñía. Andrew vestíase cunha funda e cunha camisa de tecido suave e, co paso do tempo, púxose moreno e fortaleceuse. Eu tiña as mans vermellas e azuladas por mor da auga con xabón e da xeada, só vía algún anuncio de roupa de Redfern de ano en ano e a miña cociña convertérase nun campo de batalla no que me volvera máis decidida e aprendera a apreciar o traballo duro. A nosa literatura consistía en informes agrícolas do goberno, almanaques de medicamentos que non necesitaban prescrición médica, folletos de sementes e catálogos das tendas Sears Roebuck. Subscribímonos á revista de agricultura *Farm and Fireside* e liamos todos os números en voz alta. De cando en vez, se buscabamos entreternos de verdade, liamos algún fragmento máis estimulante do Antigo Testamento, como, por exemplo, aquel libro tan alegre de Xeremías, que moito lle gustaba a Andrew. A granxa comezou a prosperar despois dalgún tempo.

Andrew acostumaba roldar preto do valado dos pasteiros ao solpor e, segundo o xeito no que ardese a súa pipa, podía predicir que tempo iría ao día seguinte.

Como dixen antes, eramos totalmente felices, ata que Andrew tivo a fatal idea de falarlle ao mundo sobre a nosa felicidade. Sinto ter que admitilo, pero o certo é que meu irmán sempre foi un home moi dado aos libros. Durante a súa época universitaria encargárase da edición da revista da universidade e, ás veces, cando non quedaba de todo contento coas entregas de *Farm and Fireside*, sacaba os seus volumes encadernados en tapa dura. Líame uns cantos poemas ou historias que escribira na súa xuventude e murmuraba algo sobre volver escribir algún día. Eu estaba máis preocupada por que as galiñas puxesen que polos sonetos, e teño que dicir que nunca tomei as súas ameazas moi en serio. Oxalá fose máis estrita.

Por aquel entón morreu o tío avó Philip e herdamos toda a súa colección de libros. Fora profesor de universidade e, moitos anos atrás, cando Andrew aínda era un meniño, o tío Philip colléralle moito cariño –de feito,

fora el quen lle pagara os estudos. Eramos os seus únicos familiares próximos, así que un bo día aparecéronnos na porta todos aqueles libros. Se soubese que aquilo ía ser o principio da fin... Andrew pasouno mellor ca nunca poñendo estantes por todo o salón. Pero non contento con iso, converteu o vello galiñeiro nun estudio, colocou unha estufa e comezou a pasar alí as noitiñas despois de que eu me deitase. O primeiro que souben foi que bautizara aquel lugar como a granxa da Sabina (aínda que durante anos o coñecesen coma A Braña) porque lle pareceu máis literario. Cando ía buscar provisións a Redfield, sempre levaba un libro consigo. E, ás veces, chegaba á casa dúas horas máis tarde do normal, co vello Ben camiñando devagar por entre as varas do carro e el perdido no seu libro.

Nunca lle dei moita importancia a todo aquilo, son unha muller moi afable, e mentres Andrew mantívase a granxa funcionando, a min abondábame co meu. Pan quente e café, ovos e marmelada para o almorzo; sopa e carne condimentada, verduras, bolos recheos, salsa, pan branco e pan negro, pu-

din de arandos, torta de chocolate e soro de leite para o xantar; boliños, té, bolos preñados, moras con nata e rosquillas para a cea –ese era o tipo de menú que preparei tres veces ao día durante anos. Non tiña tempo para preocuparme por nada que non fose asunto meu.

E entón, unha mañá, descubrín a Andrew entregándolle un paquete enorme ao carteiro. Tiña un aspecto tan avergoñado que me vin na obriga de preguntarlle que era.

–Escribín un libro –respondeu Andrew, e ensinome a portada:

## PARAÍSO RECUPERADO

POR

ANDREW MCGILL

Nin sequera daquela me preocupei demasiado, porque sabía que, naturalmente, ningún llo ía publicar. Pero, meu Deus!, un mes ou algo máis tarde chegou unha carta dun editor... que si que quería! É a carta que Andrew ten colgada enriba do seu escritorio. Vóuvola copiar aquí para ensinarvos como son esas cousas:

DECAMERON, JONES & CO.  
EDITORES  
UNION SQUARE, NOVA YORK

13 de xaneiro de 1907

Estimado señor McGill:

Lemos con moito agrado o seu manuscrito, *Paraíso recuperado*. Non temos ningunha dúbida de que un relato tan animado sobre as alegrías da saudable vida campestre vai recibir unha excelente acollida por parte do público e estaríamos encantados de publicar o seu libro tal e como nolo enviou, despois de revisalo e abrevialo un pouco. Gustaríanos que o ilustrase o señor Tortoni, do que quizais coñece algún traballo, e quereríamos saber se sería posible que lle realizase algunha visita para poder familiarizarse coa súa veciñanza.

Estamos dispostos a ofrecerlle unha regalía do 10% sobre o prezo de venda do libro. Enviámoslle adxuntas dúas copias do contrato, que deberá asinar no caso de atopalo satisfactorio.

Atentamente,

Decameron, Jones & Co.